

Hoxe reuniuse o grupo de traballo de prevención para abordar os seguintes puntos que afectan ás Xefaturas Provinciais da Inspección de Telecomunicacións en Galicia e a MUFACE:

Xefatura Provinciais da Inspección de Telecomunicacións

Planificación de riscos psicosociais: De momento, a única posible avaliación sería na Xefatura Provincial da Inspección de Telecomunicacións da Coruña.

Medicións de gas Radón: Dende a CIG solicitamos que se faga en todas as Xefaturas de Galicia dado que polas súas características xeolóxicas, o noso país ten uns altos niveis deste gas con efectos canceríxenos.

MUFACE

Memoria Preventiva 2024

Fixéronse as *avaliacións de riscos* nas oficinas de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo. Temos o informe de Vigo e xa pedimos o do resto de unidades.

Este ano fixéronse *simulacros* de emerxencias en Compostela, Lugo, e Ourense. Está pendente de facer o de Pontevedra e no caso de Vigo farase en coordinación con Correos.

En canto ás avaliacións de riscos *psicosociais* é posible que no 2025 se faga en Pontevedra e van valorar se facela tamén en Vigo.

Dende servizos centrais van lanzar unha *enquisa de clima laboral* para que a faga todo o persoal. Dende a CIG vos animamos a que a contestedes para saber como está a situación nos centros de traballo.

Desfibriladores. Neste momento hai 5 para todo o territorio que están situados nos servizos centrais, Málaga, Barcelona e Valencia. Está previsto adquirir máis no 2025 para chegar aos 13. Os criterios que se usan para a súa distribución son os de maior afluencia de público y maior número de traballadoras e traballadores.

Oficina delegada de MUFACE en Vigo: a CIG lembrou que a avaliación de riscos laborais realizouse sen comunicación previa aos delegados de prevención.

En relación ao informe da avaliación de riscos queixamonos do seguinte:

- Non se nos enviaron os cambios que se comprometeron a facer (nova medición de temperatura e humidade no exterior, revisión da iluminación.
- O resultado da consulta a Correos de se realizaron xa a medición de gas Radón.
- Non se avaliaron os aseos, o arquivo e a zona de descanso alegando que son propiedade de Correos.

- A avaliación de riscos recolle que o posto que se ocupa da atención telefónica de forma continuada debe dotarse con un auricular tipo telefonista para a recepción das chamadas, evitando así suxeitar o teléfono co ombreiro e cabeza. Este risco foi tipificado con prioridade 3. A pesar disto, MUFACE dixo que non vai dotar a ese posto do auricular porque ningunha traballadora da mutua teno. Entendemos que esta decisión non é correcta.

No Plan de emerxencia:

- Non se contesta á solicitude de información de quen é a persoa responsable de informar do Plan de emerxencia ao persoal da oficina e a día de hoxe non se informou aos traballadores e traballadoras do seu contido.

- MUFACE indica que eles realizan medidas de emerxencia pero que o Plan de emerxencia teno que facilitar Correos. Admitindo que sexa Correos a competente para elaborar o plan de emerxencia, aos delegados de prevención debe facilitarllo MUFACE que debe telo no seu poder.

Tamén lembramos que a lexislación esixe que se faga un Estudo Específico de Factores Psicosociais.

A resposta de MUFACE é que van ver todo o que manifestamos e nos contestarán próximamente. A CIG, volverá levar este tema ao Comité de Seguridade e Saúde de Pontevedra.